

Resolución da Presidencia, do 15 de setembro de 2016, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao concurso de méritos para a provisión do posto AP96, guía, da relación de postos de traballo da Administración do Parlamento de Galicia.

Logo de negociación na Mesa de Negociación con datas 14 de abril, 31 e 9 de maio e 27 de xuño de 2016, a Mesa do Parlamento acordou, con data do 18 de xullo de 2016, de conformidade co disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e 16 e 28 do seu Estatuto de persoal, convocar concurso de méritos para a provisión do posto de traballo vacante.

Por Resolución da Presidencia do 11 de agosto de 2016 (BOPG nº 690, do 12 de agosto de 2016), aprobouse a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao concurso de méritos.

Finalizado o prazo establecido na base 6 da convocatoria que rexe o concurso de méritos para poder emendar, de ser o caso, os defectos que motivasen a exclusión,

RESOLVO:

1º. Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos do referido proceso selectivo.

158690

Admitidos:

APELIDOS E NOME	DNI
ESTÉVEZ ADÁN, HIXINIO	34914988E

Excluídos: Ningún

2. A lista poderase consultar tamén na páxina web oficial do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal).

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente